

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013761	IES A Xunqueira I	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Relixión católica	3º ESO	1	35

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	7
3.1. Relación de unidades didácticas	8
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	22
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	22
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	23
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	24
6. Medidas de atención á diversidade	24
7.1. Concreción dos elementos transversais	25
7.2. Actividades complementarias	26
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	27
9. Outros apartados	27

1. Introducción

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Relixión católica 3º ESO

Curso: 2025-2026

CÓDIGO DO CENTRO: 36013761

IES A Xunqueira I

Enderezo: Rúa Alexandre Bóveda

C.P. 36005

Localidade: Pontevedra

Concello: Pontevedra

Provincia : Pontevedra

Fax 886159732

Correo electrónico ies.xunqueira.1@edu.xunta.es.

Páxina web www.iesxunqueira1.com

Tfno. 886159721

Esta programación didáctica foi elaborada tendo en conta: a lexislación vixente LOMLOE para cursos impares de SECUNDARIA e 1º BACHARELATO, as características do Centro e do noso alumnado co que imos compartir coñecementos e experiencias ó longo de todo este curso, así como a materia a impartir.

Coa incorporación da materia de Relixión ao currículo de Educación Secundaria Obrigatoria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a un tempo educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da

Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cúmprese así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como materia curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas. O currículo da materia de Relixión Católica é resultado dun fecundo diálogo da Teoloxía, fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagóxica, que orientan o necesario proceso educativo na Educación Secundaria Obrigatoria. O deseño curricular da materia de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas primeiras décadas do século XXI: dialogou co marco europeo de educación nas súas competencias clave de 2018 e quere integrarse no seu horizonte de 2025, deixouse interpelar pola sensibilidade dos obxectivos de desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de re-imaginar os futuros da educación priorizando o aprender a ser e a vivir con outros. Á vez, deixouse afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, escóitaa das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común. Especialmente, o currículo de Relixión Católica ábrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe- cultura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde os desafíos da educación neste século XXI. Facilitase unha aprendizaxe competencial dos contidos apresos, de maneira que as aprendizaxes sexan útiles para a vida dos alumnos, contribuíndo á súa formación integral e á súa inserción social.

A abordaxe dos contidos faise a través de actividades que susciten o interese dos alumnos, que promovan o diálogo e que buscan expor cuestións que fagan reflexionar sobre os grandes interrogantes vitais. Antes de abordar os novos

contidos detéctanse os coñecementos previos do alumnado.

O Proxecto é modular e flexible o que permite a creación de itinerarios de aprendizaxe que se adaptan ás particulares do novo currículo. Baséase no Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), para definir as situacións de aprendizaxe, os retos, os escenarios cooperativos, as estratexias de pensamento, facendo accesible a aprendizaxe a todos os alumnos e alumnas.

1.1 CONTEXTUALIZACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO NOSO CENTRO

A)-DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO:

1)-Nome: A denominación oficial do centro é Instituto de Ensino Secundario "A Xunqueira I".

2)-Titularidade: É un centro de titularidade pública dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

3)-Data de creación: Foi creado no curso 1978-9 como terceiro centro de bacharelato da cidade de Pontevedra.

4)-Ubicación e características derivadas: O I.E.S. "A Xunqueira I" atópase situado na rúa Alexandre Bóveda nº 1, de Pontevedra. Encóntrase nunha zona estudantil, a carón doutros centros de primaria e secundaria, facultades do Campus de Pontevedra, CEFORE e Escola Oficial de Idiomas.

Polas súas características xeográficas e sociais, pode incluírse na categoría de "centros de carácter periférico mixto", é dicir, está situado nun ensanche escolar da cidade próximo ao mundo rural circundante. Na súa orixe, estaba destinado a dar abeiro ao excedente de poboación escolar de bacharelato dos últimos anos setenta e, coa súa creación, rompeuse a dicotomía tradicional representada polos institutos masculino e feminino da cidade.

Co paso do tempo, adquiriu un carácter "rururbano" polas características do seu alumnado, procedente nun sesenta por cento das parroquias rurais do municipio e das áreas rurais da periferia; nun trinta por cento, da área suburbana de nova construción, formada sobre todo por e para a poboación emigrante retornada nos anos oitenta; e, nun dez por cento, das áreas residenciais da cidade, que posúen un nivel socioeconómico distinto ao das áreas anteriores.

A creación de centros de ensino secundario na parroquia de Monteporreiro ou no concello veciño de Poio, así como o I.E.S. Torrente Ballester, contribuíu en gran medida á redución e modificación das características do alumnado.

5)-Niveis educativos:

a)- 1º e 2º ciclos da ESO.

b)- 1º e 2º cursos de Bacharelato, nas modalidades de: Ciencias da Natureza e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais, e Artes Plásticas, deseño e imaxe.

c)- 1º e 2º curso do Ciclo Medio de Laboratorio.

6)-Infraestructura: O centro está dividido en dous edificios antigos que albergan, respectivamente, o pavillón deportivo e as restantes dependencias (aulas, biblioteca, cafetería, conserxería, secretaría e dirección, sá de usos múltiples, sá de profesorado sá de atención a páis e nais, aula de informática, aula de música).

O seu estado mellorable tanto nos seus accesos ateigados de escaleiras con tan só unha rampa, como no seu interior, dada a súa antigüidade. Foi mellorado tras obras de acondicionamento, incluíndo a instalación dun ascensor, que facilita o desplazamento dos membros da comunidade educativa, principalmente o das persoas con mobilidade reducida, facilitando a inclusión, ampliouse o espazo dun aula e remodelouse a zona de Orientación e Aula de apoio, así como o aumento da zona de xogo e deporte cimentada.

As aulas son moi xustas en número e espazo.

Nas últimas obras creouse un novo espazo como "Aula de Polos Creativos".

Hai dous patios de recreo. Un exterior ao redor do centro cun xardín ben coidado e mantido polos integrantes da asociación Xoan XXIII con alguna discapacidade. O outro é un pequeno patio interior semicuberto, que se ateiga nos días de choiva.

A zona pola que se accede á biblioteca e aulas de tecnoloxía utilízase como espazo de exposición ao que denominamos "O Parnasillo".

Recentemente mellorouse a biblioteca, que agora consta de dous espazos, un interior e outro exterior, donde o alumnado pode reunirse, ler, falar ou compartir xogos de mesa cando fai mellor tempo.

7)-Entorno socioeconómico do centro: estrato social, clase, pais e nais organizados na Anpa

O Instituto "A Xunqueira I" da cidade de Pontevedra presenta as seguintes características socioeconómicas e culturais:

a) O centro responde a un entorno socioeconómico e cultural medio (fundamentalmente medio-baixo), no que predominan as familias con estudos primarios e pertencentes a un medio rural próximo ao Instituto (a maioría do alumnado utiliza transporte para asistir ás clases.)

b) Atendendo ás profesións dos pais e das nais, predominan os/as dedicados/as a profesións do ámbito manual-asalariado; abonda menos o funcionariado e só unha pequena cantidade de profesionais liberais. É de subliñala-

elevada porcentaxe de nais que son amas de casa.

c) Polo que atinxe ao alumnado, moitos reciben das familias o apoio e os medios que poden aportar para a súa formación e estudos, que a maioría do noso alumnado pensa continuar na universidade.

d) Aínda que o alumnado vive maioritariamente no medio rural, a lingua máis empregada é o castelán; o uso do galego, non obstante aumenta no ambiente familiar.

e) As familias non están na súa totalidade asociados a Anpa do Centro.

8)-Alumnado e as súas familias:

-Nº de alumnado:680 , e subindo co alumnado que se vai incorporando ao longo do curso procedentes doutros países.

-Procedencia do alumnado, dos centros adscritos(CEIP Xunqueira I, Campolameiro, Campañó e Lérez),extranxeiros recen chegados e asentados na cidade de Pontevedra e maioritariamente na súa periferia.

-O alumnado provén maioritariamente de familias de clase obreira por conta allea e traballadora autónoma.Outras cos seus membros en paro superviven con pequenos subsídios e a axuda de organizacións activas na cidade de Pontevedra , como son Cáritas,Cruz Vermella, Comedor Social dos Páis Franciscanos do Mosteiro de San Francisco, outras chegadas de países principalmente de Centroamérica ou norte de Africa con dificultade nalguns casos para adaptarse aos costumes e sobre todo ao idioma. Neste intre temos alumnado de :Venezuela, Colombia,Brasil, Cuba, Marrocos,Rusia. E en menor parte hai familias de clase media.

O centro é unha mixtura de clases e de estruturas familiares diferentes, moitas delas desestructuradas e con problemas relevantes adicionais, que repercuten no día a día de parte do noso alumnado.

B-SINAIS DE IDENTIDADE

O centro, dado o seu carácter público, réxese polo principio de neutralidade ideolóxica, de maneira que renuncia a todo tipo de adoutrinamento, sectarismo e proselitismo, declarandose esencialmente respectuoso coas ideas que sexan compatibles coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

O Instituto intenta formar para a paz e rexeita a violencia, polo tanto é unha esixencia inexcusable o respecto pola dignidade e a integridade persoal dos membros da comunidade escolar.

O seu alumnado formase para a xustiza, a liberdade, a responsabilidade , para unha boa convivencia ,para a paz, a non violencia,a resolución pacífica dos conflitos mediante a mediación, para a igualdade, a solidariedade e o espírito cooperativo.

O centro, valorando o enriquecemento que supón a complementariedade, aposta pola coeducación ou educación na igualdade dos sexos.

A igualdade de oportunidades será promovida mediante a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

1)-Linguas do centro

Respectando a lexislación e normativa vixentes, recoñécese o dereito de cada membro da comunidade escolar a utilizar calquera das linguas oficiais, pero, para contribuír á normalización lingüística do galego, empregarase esta lingua no plano administrativo e procurarase que sexa esta cada vez máis a lingua ambiental e didáctica no ámbito escolar. En todo caso, deberá garantirse, ao remata-la escolaridade, un correcto dominio oral e escrito de ámbalas dúas linguas.

2-Metodoloxía para o aprendizaxe

a) O labor educativo basearase no respecto mutuo, o diálogo e a reflexión.

b) O profesorado, como guía do proceso de ensinanza-aprendizaxe, impulsará este proceso cara a unha aprendizaxe activa, que desenvolva as iniciativas e a creatividade do alumnado

c) O proceso de ensinanza-aprendizaxe procurará a adquisición de técnicas de traballo ou hábitos científicos, intelectuais e de saúde que fomenten no alumnado o interese por continuara súa formación e integración na sociedade como cidadáns e cidadás libres e responsables.

d)-Fomentarase o coñecemento do país, da súa realidade e dos seus problemas, así como o respecto ao medio ambiente natural. O centro estará aberto á comunidade que o rodea fomentando a relación co seu peculiar entorno á vez cidadán e rural.

e) O ensino adaptarase aos distintos ritmos e capacidades de aprendizaxe, de acordo co desexo da educación para a diversidade.

f) Na procura dun proxecto educativo común, fomentaranse a cooperación e a complementariedade do profesorado, pero admitiranse as diferencias de estilos docentes, que, ademais de enriquecedoras, son un exemplo de espírito democrático para o alumnado.

g) Estímase que a orde é indispensable para a vida escolar e procurarase a comprensión e aceptación deste principio por parte de todos e todas, xa que non é un mero capricho nin froito dunha imposición

3)-Xestión do centro

- a) A xestión do instituto debe ser participativa e democrática.
- b) O centro é gobernado polo equipo directivo e o Consello Escolar.
- c) Como o equipo directivo ten que representar á comunidade escolar, a súa elección debe ser expresión de liberdade democrática e froito do diálogo e o consenso.
- d) Impulsaranse os procesos de participación, información, consulta e decisión que impliquen e responsabilicen a asociacións de pais e nais, profesorado, alumnado e o persoal non docente, de xeito que sexan óptimas as relacións entre os colectivos que constitúen a comunidade escolar. Desta maneira espérase acadar a participación de todos e todas na consecución dos obxectivos comúns e a súa identificación co proxecto educativo.
- e) Será un obxectivo permanente dar solidez ás relacións do centro tanto coas administracións educativa e local como coas entidades ou asociacións do entorno.

4)-Lexislación

O ser un centro de titularidade pública, toda a súa actividade estará rexida pola lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

1.2-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA MATÉRIA A IMPARTIR POR ESTE DEPARTAMENTO

Todos nacemos e nos desenrolamos no seo dunha familia e sociedade concretas que teñen a súa tradición cultural que é coma o caldo de cultivo no que cada un de nós imos medrando.

Está claro que a cultura occidental en xeral, e a galega en particular, está sostida e conformada fondamente por crenzas, costumes, ritos, festas, valores e modos de vida empapados de cristianismo. Polo mesmo, para ben ou mal, non é posible ter un coñecemento serio do que é a persoa, a sociedade e a cultura occidental se deixamos de lado a relixión, no noso caso o cristianismo, como parte integrante de esa persoa, sociedade e cultura. Pasar por alto este feito e quedar privado das claves necesarias para poder ler e interpretar a cultura occidental en xeral, e a galega en particular.

A escola, se non quere renunciar a súa condición de ser un lugar para a formación integral da persoa, terá, polo tanto, que ofrecer os elementos que conforman a súa cultura.

Ninguén nos seus cabais pon en dúbida que son os pais e nais os primeiros e principais educadores dos seus fillos e fillas, e que os poderes públicos teñen coma unha das súas misións a de axudarlles nese cometido. Polo tanto, si para un grupo de pais e nais o relixioso é un valor con significación decisiva para a súa vida e a consecución do pleno desenvolvemento da persoa humana, será deber dos poderes públicos "garantir o dereito que asiste os pais e nais para que os seus fillos e fillas reciban unha formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións" (Constitución,art. 27). A lóxica interna deste dereito reclama un ensino relixioso confesional porque só a Igrexa Católica, no noso caso, pode garantir a autenticidade de contidos. A mesma lóxica tamén esixe que sexa unha disciplina específica e rigorosamente escolar, ordinaria para aqueles que a soliciten, equiparable o resto das disciplinas no seu rigor científico, presentación de obxectivos e contidos e na súa significación educativa

A formación relixiosa e moral católica pretende afondar nos contidos que os alumnos/as estudaron e deben ter asimilado na etapa anterior,axudandolles a conectar co mundo ,partindo das súas propias experiencias vitais e do seu propio entorno,aumentando en cada curso a súa capacidade de sentido crítico e desenrolando con maior protagonismo a súa capacidade de creación, innovación e enriquecemento nos seus valores básicos, sustentados nos principios, criterios e valoración propia da ensinanza relixiosa católica.

Unha escola coa misión de formar persoas conscientes, críticas, libres e creadoras será eficaz na maduración da personalidade integral do alumno cando transmita valores e creacións culturais coa posibilidade de asimilalas, rexeitalas ou modificalas en orden a un proxecto da propia persoa. A escola, desta maneira, compromete ao educando nunha apertura cara o fundamento e senso último da vida e polo tanto ao sentido da ciencia e da cultura mesma para a persoa humana. Trátase de aclarar e responder as grandes preguntas que o alumno ou alumna se formula a si mesmo e que asumirá como opción libre e persoal. É finalidade da escola que os alumnos/as logren a súa identidade persoal; esta no é posible levala a bo remate sen unha conveniente orientación cara un significado último e global da súa existencia.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar, valorar e expresar os elementos crave da dignidade e identidade persoal a través da interpretación de biografías significativas, para asumir a propia dignidade e aceptar a identidade persoal, respectar a dos outros, e desenvolver con liberdade un proxecto de vida con sentido.	1-3			1-4	1-2-4-5		2-3	3
OBX2 - Valorar a condición relacional do ser humano, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais orientadas á xustiza e á mellora da convivencia tendo en conta o maxisterio social da Igrexa, para aprender a vivir con outros e contribuír á fraternidade universal e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Asumir os desafíos da humanidade desde unha perspectiva inclusiva recoñecendo as necesidades individuais e sociais, discerníndoos coas claves do Reino de Deus, para implicarse persoal e profesionalmente na transformación social e o logro do ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Interpretar e admirar o patrimonio cultural nas súas diferentes expresións, recoñecendo que son portadoras de identidades e sentido, apreciando como o cristianismo se ha encarnado en manifestacións diversas, para desenvolver sentido de pertenza, participar na construción da convivencia e promover o diálogo intercultural no marco dos dereitos humanos.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Recoñecer e apreciar a propia interioridade, a experiencia espiritual e relixiosa, presente en todas as culturas e sociedades, comprendendo a experiencia de personaxes relevantes e valorando as posibilidades do relixioso, para discernir posibles respostas ás preguntas sobre o sentido da vida, e favorecer o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Identificar e comprender os contidos esenciais da Teoloxía cristiá, contemplando e valorando a contribución da tradición cristiá á procura da verdade, para dispoñer dunha síntese do cristianismo que permita dialogar con outras tradicións, paradigmas e cosmovisións.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Unha rede de coidados	O ser humano é un ser dependente que necesita da sociedade para desenvolverse. Para os cristiáns, Deus coida de cada un dos seres humanos. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos reflexionasen sobre esa rede de coidados.	12	5	X		
2	Coídomo	Todas as persoas necesitan coidar a súa interioridade como lugar no que se fraguan todos os vínculos constitutivos do ser humano. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos reflexionarán sobre as dimensións do autocoidado	12	4	X		
3	Coidámonos	O coidado e a axuda mutua é o que permitiu ao ser humano de todos os tempos. Todos somos responsables de todos. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos serán consciente diso reflexionando sobre a súa realidade escolar.	12	4	X		
4	Lugares de coidado	A importancia do coidado e a axuda mutua ha xerado numerosos produtos culturais e institucións e estruturas sociais e culturais. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos sociais poderán reflexionar sobre eles e definir o mapa dos seus lugares de coidado.	12	4		X	
5	Coidar o futuro	As decisións que tomamos teñen consecuencias para o futuro persoal e colectivo. Os desafíos colectivos da humanidade e a visión cristiá do futuro e da historia fannos caer na conta da importancia desa perspectiva. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos coñeceranas e reflexionarán sobre a importancia de adoptar decisións que debuxen un futuro mellor para todos.	12	4		X	
6	Xesús coidador	Os xestos e accións de coidado de Xesús foron unha constante no seu ministerio. Para el, eran manifestación	12	4		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Xesús coidador	do auténtico ser de Deus e pediu aos seus discípulos que seguisen a súa misión. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos comprenderán a misión de Xesús e reflexionarán sobre a importancia dos pequenos xestos.	12	4		X	
7	Cidadáns do mundo	Para os cristiáns a acollida e a hospitalidade é consecuencia da igual dignidade do ser humano, creado por Deus, e do creado como casa común da humanidade. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos descubrirán a importancia da hospitalidade, en todas as culturas e relixións, e prepararanse para saber como ser acolledores	14	5			X
8	Unha Igrexa que coida	As comunidades cristiás, desde o primeiro momento, organizáronse para a misión o que obrigaba a que a súa organización interna e a súa misión respondesen á vontade de Jesús de atender aos máis necesitados. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos coñeceranas e valorarán a importancia do voluntariado	14	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Unha rede de coidados	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Cooperar á construción de sociedades xustas e democráticas, fortalecendo vínculos sociais e interxeracionais, e as relacións en modelos de interdependencia, analizando a realidade, tendo en conta os principios e valores do maxisterio social da Igrexa e promovendo o desenvolvemento humano integral.	Propón accións concretas para o coidado da natureza e o goce da Creación como agasallo de Deus.	PE	30
CA1.9 - Formular posibles respostas ás preguntas de sentido, coñecendo e valorando as achegas das tradicións relixiosas, en especial a proposta de sentido da vida de Xesucristo, elaborando as súas propias respostas partindo dunha análise crítica e a adaptación á súa situación persoal.	Identifica a raíz bíblica e teolóxica que, para o cristianismo, fundamenta o coidado propio e mutuo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os trazos esenciais da antropoloxía cristiá, relacionándoos cos dereitos fundamentais e a defensa da dignidade humana, verificándoos en situacións globais.	Comprende que a relación persoal con Deus é un elemento crave na visión crente do ser humano.	TI	70
CA1.2 - Formular un proxecto persoal de vida con sentido que responda a valores de coidado propio, dos demais e da natureza, respectando os dos outros, tomando como referencia a Xesucristo, sendo capaz de modular estas opcións en situacións vitais complexas.	Incorpora no seu proxecto persoal valores de coidado propio como parte da responsabilidade moral cun mesmo, segundo o mandamento evanxélico do amor.		
CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.	Recoñece os vínculos de coidado que establecemos cos demais e cos seres vivos e analiza a realidade para discriminar actitudes e comportamentos que respondan á comprensión cristiá do coidado.		
CA1.12 - Poñer en diálogo o saber relixioso con outras disciplinas, tradicións culturais, paradigmas científicos e tecnolóxicos e outras cosmovisións, tendo en conta os métodos propios de cada disciplina e respectando a pluralidade.	Profundar no diálogo da ecoloxía integral coa reflexión científica sobre o desenvolvemento sostible..		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos esenciais da antropoloxía cristiá en diálogo coa dignidade humana. - Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal. - Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade. - O Evanxeo como resposta á procura de sentido. - Razonabilidade da fe, desenvolvemento integral da persoa e fomento do ben común. - A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia como fonte de coñecemento para entender a historia e identidade de Occidente e o diálogo intercultural. - Aprecio da relación da mensaxe cristiá coa ciencia e a cultura como medio de enriquecemento do conxunto dos saberes. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Propostas da ética social da Igrexa aplicadas aos desafíos do mundo actual e ao paradigma tecnocrático. - A esperanza cristiá e a santidad.

UD	Título da UD	Duración
2	Coídomo	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Desenvolver sentido de pertenza a unha tradición cultural, con expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas, valorando adecuadamente a súa contribución no seu momento histórico, relacionándoas con contextos actuais e promovendo a súa memoria como legado vivo.	Relaciona algunhas expresións culturais e artísticas co canon de beleza dos seus contextos históricos.	PE	30
CA1.9 - Formular posibles respostas ás preguntas de sentido, coñecendo e valorando as achegas das tradicións relixiosas, en especial a proposta de sentido da vida de Xesucristo, elaborando as súas propias respostas partindo dunha análise crítica e a adaptación á súa situación persoal.	Recoñece na mensaxe e as prácticas de Xesús de Nazaret un camiño de encontro connosco mesmos, os demais e Deus e distinguir a proposta doutras relixións.		
CA1.1 - Recoñecer os trazos esenciais da antropoloxía cristiá, relacionándoos cos dereitos fundamentais e a defensa da dignidade humana, verificándoos en situacións globais.	Recoñece todas as dimensións persoais que, desde a perspectiva cristiá, expresada desde o relato do Xénese, hai que coidar para unha formación humana integral.	TI	70
CA1.2 - Formular un proxecto persoal de vida con sentido que responda a valores de coidado propio, dos demais e da natureza, respectando os dos outros, tomando como referencia a Xesucristo, sendo capaz de modular estas opcións en situacións vitais complexas.	Vincula a persoa e a mensaxe de Xesús coa necesaria mirada ás necesidades dos outros á hora de definir o proxecto persoal de vida.		
CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.	Reflexiona sobre a repercusión nos outros do coidado integral persoal.		
CA1.12 - Poñer en diálogo o saber relixioso con outras disciplinas, tradicións culturais, paradigmas científicos e tecnolóxicos e outras cosmovisións, tendo en conta os métodos propios de cada disciplina e respectando a pluralidade.	Pon en diálogo as contribucións do desenvolvemento sostible e o benestar físico, o deporte coa tradición bíblica e a ecoloxía integral.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos esenciais da antropoloxía cristiá en diálogo coa dignidade humana. - Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal. - Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade. - O Evanxeo como resposta á procura de sentido.

Contidos
- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia como fonte de coñecemento para entender a historia e identidade de Occidente e o diálogo intercultural. - Respecto ante a beleza das diversas manifestacións culturais e relixiosas como elemento de pertenza e tradición cultural.

UD	Título da UD	Duración
3	Coidámonos	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os trazos esenciais da antropoloxía cristiá, relacionándoos cos dereitos fundamentais e a defensa da dignidade humana, verificándoos en situacións globais.	Descubre nos textos de referencia da antropoloxía cristiá o carácter sacro do vínculo que nos une aos demais e comprende a encarnación de Jesús e as súas consecuencias.	PE	30
CA1.11 - Recoñecer a Igrexa, comunidade dos discípulos de Xesucristo, e o seu compromiso na amizade social como núcleos esenciais do cristianismo, valorando criticamente a súa contribución cultural e histórica.	Vincula a misión da Igrexa coa experiencia dos primeiros discípulos de Jesús.		
CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.	Valora a cooperación e a axuda fronte á competición como comportamento desexable para o desenvolvemento persoal e social .	TI	70
CA1.5 - Cooperar activamente en proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común, inspirados na perspectiva cristiá, participando en accións de mellora da contorna e na formulación das opcións profesionais.	Achega a análise das necesidades e as propostas de coidado á súa realidade máis próxima.		
CA1.8 - Desenvolver sentido de pertenza a unha tradición cultural, con expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas, valorando adecuadamente a súa contribución no seu momento histórico, relacionándoas con contextos actuais e promovendo a súa memoria como legado vivo.	Analiza, descubrindo o seu significado, obras artísticas nas que se expresan contidos bíblicos ou teolóxicos.		
CA1.12 - Poñer en diálogo o saber relixioso con outras disciplinas, tradicións culturais, paradigmas científicos e tecnolóxicos e outras cosmovisións, tendo en conta os métodos propios de cada disciplina e respectando a pluralidade.	Pon en diálogo as contribucións das ciencias naturais e as ciencias sociais valorando a súa complementariedade coa tradición bíblica e a ecoloxía integral.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.

Contidos

- Trazos esenciais da antropoloxía cristiá en diálogo coa dignidade humana.
- Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal.
- Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade.
- O Evanxeo como resposta á procura de sentido.
- A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional.
- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.
- A Biblia como fonte de coñecemento para entender a historia e identidade de Occidente e o diálogo intercultural.
- Respecto ante a beleza das diversas manifestacións culturais e relixiosas como elemento de pertenza e tradición cultural.
- Aprecio da relación da mensaxe cristiá coa ciencia e a cultura como medio de enriquecemento do conxunto dos saberes.

UD	Título da UD	Duración
4	Lugares de coidado	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Cooperar activamente en proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común, inspirados na perspectiva cristiá, participando en accións de mellora da contorna e na formulación das opcións profesionais.	Analiza relatos evanxélicos para comprender o sentido do compromiso cristián e relacionar a ecoloxía integral expresada na encíclica Laudato si con algunhas accións de coidado da natureza.	PE	30
CA1.11 - Recoñecer a Igrexa, comunidade dos discípulos de Xesucristo, e o seu compromiso na amizade social como núcleos esenciais do cristianismo, valorando criticamente a súa contribución cultural e histórica.	Profunda no coñecemento a misión da Igrexa, a súa organización e o seu servizo á sociedade.		
CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.	Descubre, desde a perspectiva cristiá, a importancia da arte, a cultura e a beleza no coidado e desenvolvemento de todas as dimensións, incluída a transcendente, do humano.	TI	70
CA1.4 - Cooperar á construción de sociedades xustas e democráticas, fortalecendo vínculos sociais e interxeracionais, e as relacións en modelos de interdependencia, analizando a realidade, tendo en conta os principios e valores do maxisterio social da Igrexa e promovendo o desenvolvemento humano integral.	Comprende a importancia e recoñece lugares e estruturas de coidado nos que se organiza a vida social .		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Contribuír á fraternidade universal, contrastando criticamente o paradigma científico tecnolóxico vixente e as narrativas de progreso, coa antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá, respondendo con sensibilidade e implicación a situacións de empobrecemento e vulnerabilidade.	Valora respostas cívicas a cuestións de prevención e coidado á luz da doutrina social da Igrexa.		
CA1.8 - Desenvolver sentido de pertenza a unha tradición cultural, con expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas, valorando adecuadamente a súa contribución no seu momento histórico, relacionándoas con contextos actuais e promovendo a súa memoria como legado vivo.	Recoñece en obras literarias a expresión da comprensión cristiá do vínculo coa natureza.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal. - Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade. - O Evanxeo como resposta á procura de sentido. - A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Igrexa como comunidade dos discípulos de Xesucristo. - Principios e valores do ensino social da Igrexa e a súa aplicación en sociedades democráticas. - Respecto ante a beleza das diversas manifestacións culturais e relixiosas como elemento de pertenza e tradición cultural. - Figuras históricas e eclesiais comprometidas co ben común. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Proxectos eclesiais que traballan a amizade social, a solidariedade interxeracional e a sustentabilidade do planeta. - Propostas da ética social da Igrexa aplicadas aos desafíos do mundo actual e ao paradigma tecnocrático.

UD	Título da UD	Duración
5	Coidar o futuro	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Participar criticamente na promoción da diversidade cultural, expresando e achegando creativamente as experiencias propias, respectando as diferenzas entre persoas e comunidades.	Expresar creativamente a súa visión dos riscos, desafíos, e esperanzas no futuro propio e da humanidade.	PE	30
CA1.8 - Desenvolver sentido de pertenza a unha tradición cultural, con expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas, valorando adecuadamente a súa contribución no seu momento histórico, relacionándoas con contextos actuais e promovendo a súa memoria como legado vivo.	Recoñece os xéneros literarios e expresións artísticas nas que se expresou o horizonte cristián do futuro.		
CA1.2 - Formular un proxecto persoal de vida con sentido que responda a valores de coidado propio, dos demais e da natureza, respectando os dos outros, tomando como referencia a Xesucristo, sendo capaz de modular estas opcións en situacións vitais complexas.	Expresa a importancia dos dons recibidos e da vocación persoal á hora de pensar no futuro persoal e colectivo inspirándose na relación de Xesús co seu Pai.	TI	70
CA1.6 - Contribuír á fraternidade universal, contrastando criticamente o paradigma científico tecnolóxico vixente e as narrativas de progreso, coa antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá, respondendo con sensibilidade e implicación a situacións de empobrecemento e vulnerabilidade.	Reflexiona sobre os desafíos futuros, ecolóxicos e sociais, da sociedade e a responsabilidade anticipatoria do ser humano contemporáneo á luz do Maxisterio da Igrexa.		
CA1.12 - Poñer en diálogo o saber relixioso con outras disciplinas, tradicións culturais, paradigmas científicos e tecnolóxicos e outras cosmovisións, tendo en conta os métodos propios de cada disciplina e respectando a pluralidade.	Profundar no diálogo da ecoloxía integral coa reflexión científica sobre o desenvolvemento sustentable..		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal. - Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade. - O Evanxeo como resposta á procura de sentido. - Estratexias de comunicación en distintas linguaxes das propias ideas, crenzas e experiencias en contextos interculturais. - Razonabilidade da fe, desenvolvemento integral da persoa e fomento do ben común. - A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia como fonte de coñecemento para entender a historia e identidade de Occidente e o diálogo intercultural. - A vida da Igrexa como xeradora de identidade e cultura ao longo da historia: análise das súas contribucións á construción social, política e cultural. - Respecto ante a beleza das diversas manifestacións culturais e relixiosas como elemento de pertenza e tradición cultural. - Aprecio da relación da mensaxe cristiá coa ciencia e a cultura como medio de enriquecemento do conxunto dos

Contidos

- saberes.
- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.
- Os dereitos humanos e os obxectivos de desenvolvemento sostible en relación co pensamento social cristián.

UD	Título da UD	Duración
6	Xesús coidador	4

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Cooperar activamente en proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común, inspirados na perspectiva cristiá, participando en accións de mellora da contorna e na formulación das opcións profesionais.	Descobre nas palabras e accións de Jesús a razón da compaixón ante do sufrimento dos outros..	PE	30
CA1.11 - Recoñecer a Igrexa, comunidade dos discípulos de Xesucristo, e o seu compromiso na amizade social como núcleos esenciais do cristianismo, valorando criticamente a súa contribución cultural e histórica.	Identifica a orixe da comunidade cristiá no anuncio e testemuño da memoria da entrega de Xesús.		
CA1.2 - Formular un proxecto persoal de vida con sentido que responda a valores de coidado propio, dos demais e da natureza, respectando os dos outros, tomando como referencia a Xesucristo, sendo capaz de modular estas opcións en situacións vitais complexas.	Identifica a importancia da confianza, nun mesmo, nos demais, en Deus, na elaboración do proxecto vital .	TI	70
CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.	Reflexiona sobre a importancia do autocuidado, a confianza e a axuda mutua para a saúde física e mental.		
CA1.4 - Cooperar á construción de sociedades xustas e democráticas, fortalecendo vínculos sociais e interxeracionais, e as relacións en modelos de interdependencia, analizando a realidade, tendo en conta os principios e valores do maxisterio social da Igrexa e promovendo o desenvolvemento humano integral.	Investiga sobre persoas e institucións que se comprometen cos demais en situacións de emerxencia como expresión do coidado aos máis desfavorecidos.		
CA1.6 - Contribuír á fraternidade universal, contrastando criticamente o paradigma científico tecnolóxico vixente e as narrativas de progreso, coa antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá, respondendo con sensibilidade e implicación a situacións de empobrecemento e vulnerabilidade.	Analiza os desafíos da humanidade á luz de da doutrina da Igrexa expresada en Fratelli Tutti.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Desenvolver sentido de pertenza a unha tradición cultural, con expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas, valorando adecuadamente a súa contribución no seu momento histórico, relacionándoas con contextos actuais e promovendo a súa memoria como legado vivo.	Relaciona expresións bíblicas xurdidas dunha cultura nómade con categorías teolóxicas que expresan o amor de Deus e analiza una obra de arte comprendendo o significado relixioso que transmite.		
CA1.9 - Formular posibles respostas ás preguntas de sentido, coñecendo e valorando as achegas das tradicións relixiosas, en especial a proposta de sentido da vida de Xesucristo, elaborando as súas propias respostas partindo dunha análise crítica e a adaptación á súa situación persoal.	Coñece os puntos en común de diferentes tradicións relixiosas na concepción do carácter sacro da natureza.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos esenciais da antropoloxía cristiá en diálogo coa dignidade humana. - Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal. - Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade. - O Evanxeo como resposta á procura de sentido. - A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - Principios e valores do ensino social da Igrexa e a súa aplicación en sociedades democráticas. - A Biblia como fonte de coñecemento para entender a historia e identidade de Occidente e o diálogo intercultural. - Respecto ante a beleza das diversas manifestacións culturais e relixiosas como elemento de pertenza e tradición cultural. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Propostas da ética social da Igrexa aplicadas aos desafíos do mundo actual e ao paradigma tecnocrático.

UD	Título da UD	Duración
7	Cidadáns do mundo	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Cooperar á construción de sociedades xustas e democráticas, fortalecendo vínculos sociais e interxeracionais, e as relacións en modelos de interdependencia, analizando a realidade, tendo en conta os principios e valores do maxisterio social da Igrexa e promovendo o desenvolvemento humano integral.	Coñece as razóns, xestos e costumes de acollida e hospitalidade das diferentes tradicións relixiosas ou culturais.	PE	30
CA1.11 - Recoñecer a Igrexa, comunidade dos discípulos de Xesucristo, e o seu compromiso na amizade social como núcleos esenciais do cristianismo, valorando criticamente a súa contribución cultural e histórica.	Identifica a misión universal da Igrexa, respectando a diversidade cultural, como mandato de Xesús e descobre que o "Pobo de Deus" non se identifica cunha pertenza racial, cultural o identitaria.		
CA1.2 - Formular un proxecto persoal de vida con sentido que responda a valores de coidado propio, dos demais e da natureza, respectando os dos outros, tomando como referencia a Xesucristo, sendo capaz de modular estas opcións en situacións vitais complexas.	Reflexiona sobre a perspectiva do corazón e dos talentos á hora de ir configurando un proxecto vital.	TI	70
CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.	Comprende que a acollida e a hospitalidade son expresión do recoñecemento á dignidade humana.		
CA1.8 - Desenvolver sentido de pertenza a unha tradición cultural, con expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas, valorando adecuadamente a súa contribución no seu momento histórico, relacionándoas con contextos actuais e promovendo a súa memoria como legado vivo.	Recoñece na tradición bíblica o carácter sacro da acollida e a hospitalidade fundamentado no ser dun Deus que acolle especialmente aos máis desfavorecidos.		
CA1.12 - Poñer en diálogo o saber relixioso con outras disciplinas, tradicións culturais, paradigmas científicos e tecnolóxicos e outras cosmovisións, tendo en conta os métodos propios de cada disciplina e respectando a pluralidade.	Pon en diálogo as contribucións das ciencias naturais e o desenvolvemento sustentable coa tradición bíblica e a ecoloxía integral.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos esenciais da antropoloxía cristiá en diálogo coa dignidade humana. - Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade. - O Evanxeo como resposta á procura de sentido. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia como fonte de coñecemento para entender a historia e identidade de Occidente e o diálogo intercultural. - Aprecio da relación da mensaxe cristiá coa ciencia e a cultura como medio de enriquecemento do conxunto dos saberes. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.

Contidos

- Os dereitos humanos e os obxectivos de desenvolvemento sostible en relación co pensamento social cristián.
- Propostas da ética social da Igrexa aplicadas aos desafíos do mundo actual e ao paradigma tecnocrático.
- A esperanza cristiá e a santidad.

UD	Título da UD	Duración
8	Unha Igrexa que coida	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Desenvolver sentido de pertenza a unha tradición cultural, con expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas, valorando adecuadamente a súa contribución no seu momento histórico, relacionándoas con contextos actuais e promovendo a súa memoria como legado vivo.	Recoñece achegas culturais de inspiración cristiá na que se expresa e materializa a admiración e o coidado da natureza.	PE	30
CA1.10 - Favorecer a convivencia social en contextos plurais, respectando as opcións persoais e xerando espazos de diálogo e encontro.	Entende o ecumenismo como un movemento que busca a unidade de todas as ramas do cristianismo e coñece experiencias de diálogo interreligioso.		
CA1.2 - Formular un proxecto persoal de vida con sentido que responda a valores de coidado propio, dos demais e da natureza, respectando os dos outros, tomando como referencia a Xesucristo, sendo capaz de modular estas opcións en situacións vitais complexas.	Recoñece o valor do acompañamento no proceso de decisión do proxecto persoal.	TI	70
CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.	Considera a importancia de buscar a unidade por encima das diferenzas e o sentido cristián da compaixón e o perdón..		
CA1.4 - Cooperar á construción de sociedades xustas e democráticas, fortalecendo vínculos sociais e interxeracionais, e as relacións en modelos de interdependencia, analizando a realidade, tendo en conta os principios e valores do maxisterio social da Igrexa e promovendo o desenvolvemento humano integral.	Valora o voluntariado como expresión do compromiso coas necesidades dos máis vulnerables		
CA1.6 - Contribuír á fraternidade universal, contrastando criticamente o paradigma científico tecnolóxico vixente e as narrativas de progreso, coa antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá, respondendo con sensibilidade e implicación a situacións de empobrecemento e vulnerabilidade.	Coñece iniciativas sociais e eclesiais que contribúen a tecer redes de coidados.		
CA1.7 - Participar criticamente na promoción da diversidade cultural, expresando e achegando creativamente as experiencias propias, respectando as diferenzas entre persoas e comunidades.	Expresa, utilizando linguaxe audiovisual, o valor da unidade		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.11 - Recoñecer a Igrexa, comunidade dos discípulos de Xesucristo, e o seu compromiso na amizade social como núcleos esenciais do cristianismo, valorando criticamente a súa contribución cultural e histórica.	Profunda na misión da Igrexa e a súa achega á sociedade. Identifica a caridade e o coidado mutuo, como nota distintiva da Igrexa e aprecia o valor da comunidade cristiá e as súas celebracións..		
CA1.12 - Poñer en diálogo o saber relixioso con outras disciplinas, tradicións culturais, paradigmas científicos e tecnolóxicos e outras cosmovisións, tendo en conta os métodos propios de cada disciplina e respectando a pluralidade.	Pon en diálogo as ciencias naturais coa ecoloxía integral.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal. - Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade. - O Evanxeo como resposta á procura de sentido. - Estratexias de comunicación en distintas linguaxes das propias ideas, crenzas e experiencias en contextos interculturais. - A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Igrexa como comunidade dos discípulos de Xesucristo. - A vida da Igrexa como xeradora de identidade e cultura ao longo da historia: análise das súas contribucións á construción social, política e cultural. - Valor das prácticas espirituais do monacato, a mística e a devoción popular. - Aprecio da relación da mensaxe cristiá coa ciencia e a cultura como medio de enriquecemento do conxunto dos saberes. - Figuras históricas e eclesiais comprometidas co ben común. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Proxectos eclesiais que traballan a amizade social, a solidariedade interxeracional e a sustentabilidade do planeta. - Actitudes e destrezas de diálogo ecuménico e interrelixioso con pleno respecto ás conviccións propias e as dos outros. - O compromiso das relixións na construción da paz e a superación da violencia e os fundamentalismos. - A esperanza cristiá e a santidad.

4.1. Concrecións metodolóxicas

4. METODOLOXÍA

4.1. Concrecións metodolóxicas

A adquisición e o desenvolvemento das competencias crave do Perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, que se concretan nas competencias específicas de cada materia ou ámbito da etapa, veranse favorecidos por metodoloxías didácticas que recoñezan ao alumnado como axente da súa propia aprendizaxe. Para iso é imprescindible a implementación de propostas pedagóxicas que, partindo dos centros de interese dos alumnos e alumnas, permítanlles construír o coñecemento con autonomía e creatividade desde as súas propias aprendizaxes e experiencias. As situacións de aprendizaxe representan una ferramenta eficaz para integrar os elementos curriculares das distintas materias ou ámbitos mediante tarefas e actividades significativas e relevantes para resolver problemas de maneira creativa e cooperativa, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión crítica e a responsabilidade.

Para que a adquisición das competencias sexa efectiva, ditas situacións deben estar ben contextualizadas e ser respectuosas coas experiencias do alumnado e as súas diferentes formas de comprender a realidade. Así mesmo, deben estar compostas por tarefas complexas cuxa resolución leve a construción de novas aprendizaxes. Con estas situacións búscase ofrecer ao alumnado a oportunidade de conectar e aplicar o apreso en contextos próximos á vida real. Así expostas, as situacións constitúen un compoñente que, aliñado cos principios do Deseño universal para a aprendizaxe, permite aprender a aprender e sentar as bases para a aprendizaxe ao longo da vida, fomentando procesos pedagóxicos flexibles e accesibles que se axusten ás necesidades, as características e os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

O deseño destas situacións debe supor a transferencia das aprendizaxes adquiridas por parte do alumnado, posibilitando a articulación coherente e eficaz dos distintos coñecementos, destrezas e actitudes propios desta etapa. As situacións deben partir da formulación duns obxectivos claros e precisos que integren diversos saberes básicos.

Ademais, deben propor tarefas ou actividades que favorezan diferentes tipos de agrupamentos, desde o traballo individual ao traballo en grupos, permitindo que o alumnado asuma responsabilidades persoais e actúe de forma cooperativa na resolución creativa do reto exposto. A súa posta en práctica debe implicar a produción e a interacción verbal e incluír o uso de recursos auténticos en distintos soportes e formatos, tanto analóxicos como dixitais. As situacións de aprendizaxe deben fomentar aspectos relacionados co interese común, a sustentabilidade ou a convivencia democrática, esenciais para que o alumnado sexa capaz de responder con eficacia aos retos do século XXI.

As formulacións metodolóxicas desta materia fundaméntanse, globalmente, na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, recursos e outros métodos didácticos; no coidado do desenvolvemento emocional e cognitivo do alumnado respectando o seu ritmo evolutivo; na aprendizaxe individualizada e cooperativa; na relación das aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado á acción, o emprendimento e a aplicación dos saberes.

Será necesario ter en conta as condicións persoais, sociais e culturais de todos os alumnos e alumnas para detectar necesidades específicas e propor accións de reforzo ou ampliación, flexibilizando os procesos e garantindo a inclusión de todo o alumnado. A avaliación compréndese como parte deste proceso de ensino e aprendizaxe. A materia de Relixión Católica confire una insubstituíble responsabilidade á figura do docente cuxa intervención é esencial na xestión do proceso de ensino, tanto na súa programación como no seu desenvolvemento e avaliación.

A didáctica da materia de Relixión Católica exposta en termos dun currículo competencial haberá de promover o protagonismo do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe.

Algúns dos pasos a seguir nas secuencias de aprendizaxe son:

- Partir da experiencia concreta do alumno e a alumna, e da súa realidade persoal, familiar, social e cultural;
- Identificar e formular con pensamento crítico os interrogantes e cuestións que suscitan estas situacións;
- Buscar, analizar e contrastar as experiencias e interrogantes, con fontes bíblicas, o Maxisterio eclesial, o patrimonio artístico, e outras referencias do diálogo fe-cultura;
- Elaborar respostas persoais e sociais desde a liberdade individual con pleno respecto ás ideas dos demais, contrastadas cos principios do ensino social da Igrexa;
- Dialogar con outras cosmovisións e relixións, para a construción da vida en sociedades plurais e democráticas baseadas no ben común;
- Comunicar con asertividade e empatía as ideas e crenzas propias utilizando con creatividade diversos linguaxes;
- Aplicar este proceso formativo na construción da identidade persoal e do proxecto vital como preparación para a aprendizaxe para toda a vida, e na transformación social.

A diversidade de metodoloxías activas que se poden aplicar haberán de ter en conta os pasos deste itinerario

pedagóxico e as competencias específicas, os criterios de avaliación e os saberes básicos, é dicir, as aprendizaxes esenciais desta materia.

As orientacións metodolóxicas e cara a avaliación programadas harmonizarán de forma coherente estas aprendizaxes que se propoñen na materia de Relixión Católica, as necesidades propias do alumnado, e os obxectivos de etapa e o perfil de saída.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro do alumno. Relixión Católica de 3º de ESO.
Recursos interactivos da editorial

O libro de texto segue un proxecto global pensado para que todos os alumnos aprendan, desenvolvan as súas competencias e transfiran ás aprendizaxes á súa vida. Conta cunha contorna virtual de aprendizaxe que facilita a relación entre alumnos e profesor e favorece un modo de aprendizaxe máis eficaz.

A maiores utilizamos:

-Documentación elaborada pola profesora e entregada ao alumnado.

Para o desenvolvemento da nosa labor docente, neste departamento, contamos coa axuda para as nosas clases do seguinte material e recursos:

1-Cada alumno/a disporá dun ficheiro ou carpeta persoal no que se irán recollendo os seus traballos e os recursos didácticos utilizados e que deixarán na aula para evitar pesos nas mochilas e para que o teñan sempre á súa disposición ao evitar olvidos.

2-O material didáctico que seguiremos ó longo deste curso será o da Editorial SM-PPC, que consideramos positivo e práctico para o noso alumnado).

3-O material convencional das aulas

4- Os aportados polo Centro: vídeo, CD,ordenador,canón...

5-A Biblia.

6-Varios Atlas das Relixións.

7-Mapas.

8-Textos do Concilio Vaticano II.

9-Documentos da Igrexa Católica (Encíclicas, Concilio Vaticano II,etc.)

10-Bibliografía complementaria

11-Revistas, diarios, información de diferentes publicacións e ONGS . 12-Comentarios de texto (especialmente para 1º e 2º Bacharelato).

13-Papeis, cartulinas e outros materiais para a exposición de traballos en paneis, murais. 14-Diversos recursos lúdico-relixiosos tanto en papel como na Rede.

15-Cancións e actividades musicais. 16-Xogos e dinámicas grupais.

17-Presentacións en Power-Point, e noutros recursos on-line.

18-Libros e exercicios sobre valores.

19- Aula virtual e web do propio Centro.

20- Materiais persoais dos integrantes do departamento.

21-Materiais e actividades que se ofertan na Aula de Polos Creativos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao ser a Relixión unha materia de oferta obrigatoria para o centro e de libre elección para o alumno, estes poden acceder á materia mesmo sen tela cursado con anterioridade polo que non é necesario que acrediten coñecementos previos. Con todo, tomarase información dos coñecementos do alumnado, ao comezo do curso, a través dun cuestionario de xeito informal con algun instrumento de gamificación, como técnica de aprendizaxe que traslada a mecánica dos xogos ao ámbito educativo-profesional co fin de conseguir mellores resultados, xa sea para absorber

mellor algúns coñecementos, mellorar algunha habilidade, ou ben recompensar accións concretas, entre outros moitos obxetivos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	12	12	12	12	12	12	14
Proba escrita	30	30	30	30	30	30	30
Táboa de indicadores	70	70	70	70	70	70	70

Unidade didáctica	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	14	100
Proba escrita	30	30
Táboa de indicadores	70	70

Criterios de cualificación:

A nota de cada avaliación calcularase da seguinte forma:

30% corresponderá a unha proba escrita sobre os coñecementos tal como se reflicte no punto 3.3 desta programación.

O restante 70% repartirase do seguinte xeito:

50% corresponderá ao traballo, tanto individual como en grupos, realizado polo alumno e será medido a través de rúbricas e rexistros de control

10% corresponderá a actitude ante a aprendizaxe que valorará a participación na aula e a implicación na materia

10% corresponderá ao caderno de clase que deberá estar completo e correxido.

No boletín a nota reflíctese cun número enteiro polo tanto se a nota supera as 5 décimas, redondearase ao número enteiro superior e no caso de que non chegue ás 5 décimas, o redondeo será ao enteiro inferior.

A avaliación será aprobada cun 5 despois do redondeo

A nota da avaliación ordinaria calcularase facendo a media das notas reais (sen redondeo) das tres avaliacións que suporá o 100%..

O redondeo farase igual que nas avaliacións.

Criterios de recuperación:

Dado que o proceso de avaliación dos alumnos é continuo, as dificultades serán detectadas con rapidez e se facilitará que o alumno se poña ao día co traballo non realizado ou cos saberes non adquiridos.

No caso de que a media das tres avaliacións non acade a nota de 5 despois do redondeo programarase traballo de recuperación encamiñado a que o alumno supere as dificultades e poida aprobar o curso. O traballo corresponderá á parte non acadada e reflectirase na nova nota de avaliación que á súa vez fará media para a nota da avaliación ordinaria.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No caso de que haxa alumnos coa materia pendente, elaborárase un plan de reforzo segundo o establece o artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade. O plan será personalizado e consistirá nun caderniño que o alumno deberá ir contestando ao longo do curso. As respostas revisaranse con frecuencia para detectar os posibles problemas e realizar os axustes necesarios. A nota será a que corresponda tendo en conta que o caderniño avaliarase sobre 10 puntos.

Os MATERIAIS DE REFORZO PARA A MATERIA PENDENTE serán os propios do nivel e curso no que estivese matriculado o alumn/a. Neses materiais, este departamento poderá establecer outros materiais de reforzo, se o estima oportuno para acadar os obxectivos.

A)- Se un alumno/a ten pendente a Relixión Católica do curso anterior e sigue cursándoa, valorarase no primeiro trimestre se o alumno vai acadando os contidos mínimos co rendemento no actual curso. Esa valoración será mediante unha proba escrita ou oralmente, ou mediante preguntas no desenvolvemento das clases habituais co resto dos seus compañeiros/as.

Se o alumno/a tivera dificultades para acadar os obxectivos mínimos ao longo do curso poderá optar por realizar un pequeno traballo sobre temática dese curso, coa axuda da profesora.

B)- No caso de que o alumno non siga cursando a materia de Relixión realizará, coincidindo con cada avaliación, unha proba axeitada ós contidos mínimos ou a entrega dun traballo.

Se non a supera terá, a final de curso, outra proba ou entrega de traballos relacionados cos temas correspondentes.

En calquera caso os plans para a superación serán os propios do nivel que lle quedou pendente ao alumno/a, e a avaliación terá carácter continuo sendo sumamente importante o interese que mostre o alumno/a.

6. Medidas de atención á diversidade

No ensino da Relixión temos o convencemento de que cada persoa é única e irrepetible polo que a atención á diversidade está sempre presente. Habitualmente ocorre que algúns alumnos/as teñen necesidades educativas especiais asociadas a algún tipo de discapacidade física, mental ou sensorial, outros necesitan axudas técnicas, e outros con sobredotación están máis adiantados nas súas calidades requirindo ensinanzas alternativas para satisfacer as súas posibilidades en toda plenitude.

En todo caso seguiranse as directrices que marque o Plan de Atención á Diversidade do Centro.

A metodoloxía da materia de Relixión Católica terá en conta os principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe para programar propostas didácticas compostas por prácticas de aprendizaxe, ensino e avaliación que contribúan a enriquecer o proceso de desenvolvemento integral do alumnado, promovendo o seu progreso no recoñecemento da tradición relixiosa e cultural da contorna familiar e social, na adquisición de actitudes, valores e crenzas necesarios para a súa vida persoal e en sociedade, no crecemento interior e proxecto vital, así como na expresión das súas propias emocións e experiencias de forma respectuosa e empática xerando contornas inclusivos e interculturais. Fomentanse así procesos pedagóxicos accesibles para todos pola diversidade de estratexias e recursos, de espazos e tempos, que se utilizan na aula e pola adaptación do currículo ás necesidades dos diferentes ritmos de aprendizaxe. No deseño das actividades desta materia terase en conta a flexibilidade do currículo, os contextos de ensino inclusivos, e a utilización de recursos accesibles. A adecuada resposta educativa a todos os alumnos concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que unicamente dese modo garántese o desenvolvemento de todos, favorécese a equidade e contribúese a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é una necesidade que abarca a todas as etapas educativas e a todos o alumnado. É dicir, trátase de contemplar a diversidade dos alumnos/as como principio e non como una medida que corresponde ás necesidades duns poucos.

Nos materiais do curso inclúese propostas de atención á diversidade para todos os contidos.

En cumprimento do artigo 52 da orde 8 de setembro 2021 de atención á diversidade, Elaborarase un plan específico personalizado para os alumnos que deban permanecer un ano máis no mesmo curso que incida nas dificultades detectadas no curso anterior.

Evidentemente traballaremos parellos co diagnóstico psicolóxico e pedagóxico en estreita relación co Departamento de Orientación do Centro e en sintonía cos profesores/as compañeiros/as de Pedagogía Terapéutica.

A diversidade derivada do alumnado atenderase a través dunha metodoloxía plural para que cada alumno aprenda dacordo coa súa situación persoal.

Na programación tense en conta unha serie de aspectos que permiten individualizar o máis posible o proceso de ensino-aprendizaxe.

Para iso adóptanse as seguintes medidas para ser fieis á singularidade de cada alumno e alumna ,tratando de:

1-Distinguir entre contidos prioritarios, complementarios e de ampliación elixíndose en cada caso o máis apropiado.

2-Escoller en cada caso o máis apropiado propoñendo variedade de actividades para un mesmo contido: non todos os alumnos realizarán as mesmas actividades. Diferenciamos contidos prioritarios dos outros complementarios e de ampliación.

3-Graduar as diversas aproximacións que poden darse a un mesmo criterio de avaliación.

4-Utilizar metodoloxías diversas, empregando materiais didácticos variados e graduados en función da súa dificultade.

5-Favorecer equipos na clase que posibiliten a interacción: agrupamentos flexibles e ritmos distintos. Os grupos de traballo non estarán sempre formados por os mesmos alumnos senón que estarán en función da tarefa a realizar.

6-Para alumnos/as máis motivados/as faranse actividades de ampliación que lles axuden a desenvolver as súas capacidades.

7-Para alumnos con dificultades no proceso normal de aprendizaxe ofreceranse actividades sinxelas, breves e de reforzo coa intención de prestarlles todo o apoio que precisen.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Ao traballar os mesmos descriptores operativos que as demais materias, a materia de Relixión pode integrarse como una materia nos proxectos de interdisciplinariedade e o traballo por ámbitos.

Nos propios saberes recóllese a relación de con outras disciplinas especialmente Lingua, Historia, Xeografía, Educación Plástica e Visual, etc.

Hai que destacar o especial interese que se pon desde este departamento na coeducación para a Igualdade e para a mellora da Convivencia no centro,

Traballaremos en cada curso os mesmos elementos transversais porque son valores irrenunciabes no ensino da Relixión Católica pero, lóxicamente, adaptados ao nivel de cada grupo e, dentro de cada grupo, axeitados ás necesidades do alumnado pois hai graduacións diversas no desenvolvemento dos estudantes.

Estes temas transversais están sempre presentes, se ben hai sesións específicas coincidindo con datas conmemorativas coma por exemplo :o Día da Paz,25 de Novembro,8 de marzo,etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Nadal Solidario	-Campaña de recollida de alimentos para o Comedor Social de San Francisco.		X	
Saída cultural	-Saída cultural dun día de duración organizada para o alumnado de relixión católica			X

Observacións:

Marco práctico.Actividades Complementarias:

-Xornada Declaración Dereitos Humanos.

-Solidariedade no Nadal con Cáritas ou co comedor social de San Francisco.

-Campaña contra a Fame de Mans Unidas ..

-Campaña anual promovida por nós: recollida tapóns solidarios.

-Celebración 25 de novembro ,30 Xaneiro , 8 marzo .

-Organización e participación obradoiros corresponsabilidade e igualdade.

-Traballo con agrupacións: Solidariedade Internacional, Entreculturas, Médicos sin Fronteiras,Vicente Ferrer, Save the Children...

-Saída a Biblioteca do Centro na procura de libros e información.

-Exposición no hall do Instituto de tarefas realizadas: murais , carteis e outros proxectos.

Actividades Extraescolares previstas e enfocadas ao primeiro ciclo de secundaria:

-Visita ó Museo de Pontevedra para que poidan aplicar ʼin situʼ os coñecementos adquiridos sobre os obxectos de culto,pintura e escultura de carácter relixioso.

-Participación en Talleres de Comercio Xusto na Tenda de Productos de Pontevedra.

-Visita a edificios relixiosos da cidade de Pontevedra, para aplicar os coñecementos que adquiriron sobre simboloxía relixiosa no eido da arte sacra..

-Visitar algunha das cidades de Galiza e os Mosteiros que estean pretos delas, para comprender a vida nun mosteiro e como xurdiron tanto os mosteiros ,coma os pobos que se aglutinaron entorno deles.

Desde o Departamento non se descartan outras posibles saídas ou participacions noutros programas que xurdan o longo do curso e redunden nun beneficio para os nosos alumnos/as ou a colaboración , participación , implicación persoal e total dispoñibilidade nas actividades propostas polo Centro

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Programación
Metodoloxía empregada
Planificación da situación de aprendizaxe
Clima de traballo na aula
Avaliación

Descrición:

Se a programación axústase ao marco normativo curricular estatal e autonómico e ao currículo de Relixión, se está adaptada ás características do centro e do grupo, se vincula este curso co perfil de saída, os descritores operativos e obxectivos de cada etapa, se se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe...

A estrutura da situación de aprendizaxe inclúe todos os elementos formais, planificouse a partir dos criterios de avaliación que establece o currículo utilizando en cada secuencia aqueles saberes que permitían progresar na adquisición da correspondente competencia específica, se tivo en conta os descritores operativos das competencias clave e buscou o diálogo curricular con outras materias, sies adecuada aos criterios de avaliación, se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe...

Se eflexionei e avaliei o meu labor docente durante todo o desenvolvemento da situación de aprendizaxe, realizando modificacións (nas tarefas, nos contidos, na metodoloxía) cando foi necesario, se utilicei variadas ferramentas de avaliación ao longo da tarefa (rúbricas, observación, probas escritas ou orais,), se tiven en conta os criterios de cualificación acordados e difundidos e se estes criterios van referidos non só a resultados de probas senón ao logro de competencias

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase o seguimento a través da aplicación Proens. Como o departamento é unipersoal e non teño que coordinarme con outros profesores, farase ao remate de cada UD completando os datos que aparecen na aplicación. Os datos recollidos no seguimento permitirán tomar decisións cara á programación do seguinte curso académico no que estaremos máis familiarizados coa aplicación.

9. Outros apartados